

COMUNICADO Nº 010/22 15 DE XANEIRO DE 2022

OS INICIOS E O APOSENTAMENTO DO RALLYMIX NA GALICIA

Os pobos celtas, de Irlanda e da Galicia, únense de novo cunha iniciativa deportiva, o Rallymix, que é unha modalidade “low cost” para o Automobilismo de Iniciación e Senior.

Dende-since 2014 estamos a traballar arreo para asentala nova modalidade, con detractores, agoireiros, e xentes que non entenden que tamén hai e tense que facer un automobilismo asequible, fácil, práctico, en definitiva Automobilismo para todos.

Convencer á masa social, ós organizadores, e ós equipos para que fagan vehículos para unha nova especialidade, non foi fácil, pero os Galegos somos teimudos e si a idea é boa, atractiva, e vendible só nos queda traballar arreo e vender un Automobilismo no que creemos e que despois de oito anos temos un calendario de sete probas, e dúas máis “in process” para a tempada de 2022.

Outros din que prexudica a especialidade de Autocross, pero tamén erran pois o que se conseguiu foi facer crecer o parque de vehículos en Galicia (carcross e turismos para terra) o que redunda nas inscricións de Autocross e Rallymix. O que nos prexudicou foi o Covid-19 ó non ter taquilla nos circuitos e por ende ter que anular os premios en metálico nas probas de autocross. Nesta tempada queda subsanado, premios en metálico e público, o que atraerá abundantes listas de inscritos o ter os equipos, de novo, incentivos deportivos e económicos.

Calquera seareiro, ou piloto, que asista como espectador a un rallymix queda enganado pola espectacularidade, practividade, e disfrute dunha proba con carcross e turismos de todo tipo.

Os organizadores saben que cun custe contido, como o dunha subida en costa, pódese levar a bo fin un evento deportivo que atrae á Comarca, xente do Noroeste da Península Ibérica, que traen un retorno económico para a hostalería onde se celebra o Rallymix.

A liña ascendente de participación nas últimas tempadas son un claro reflexo da boa saúde, da especialidade dos Rallymix en Galicia, o que ben a reflexar o acerto da inequívoca aposta polos Rallymix en Galicia.

A cantidade e calidade, no eido organizativo e participativo, dunha iniciativa exclusiva na Península Ibérica fan da “Federación Galega de Automobilismo” un referente a seguir por outras Federacions que non innovan e están a facer o mesmo sempre.

Tamén temos que decir que desde que vimos o primeiro Rallymix, en Irlanda, e implantamos a súa regulamentación na Galicia, fomos argallando a regulamentación inicial as necesidades e experiencia acadada no transcurso do desenrolo dos diferentes Rallymix celebrados en oito tempadas de experiencia.

A día de hoxe, oito anos despois, podemos decir que o traballo e o esforzo da Comisión de Rallymix, e dos diferentes Organizadores que apostaron decididamente pola especialidade, e un éxito de todos e unha vez mais somos o referente a seguir, polas nosas apostas e innovacións, no Automobilismo Ibérico.

Só cabe subliñar que a especialidade non precisa de treitos de enlace, controis horarios, parques pechados; e si admite vehículos específicos do Automobilismo (carcross), vehículos prototipos de turismo sen matrícula, etc, etc.

O percorrido o ter que saír e chegar en asfalto, e alternar terra e asfalto cun trazado dun mínimo de seis quilómetros e un máximo de doce. Outra novidade é ter o parque de custodia-traballo dentro a chegada e a saída o que evita todo tipo de controis e percorridos intertreitos.

En resumen a “Federación Galega de Automobilismo” aposta pola innovación do Automobilismo deportivo, sen ataduras a Federacions inmobiliistas, facendo deporte de **iniciación e senior “low cost”** para todos e todas.